

Enquisa nacional de saúde

NOTAS EXPLICATIVAS

A Enquisa nacional de saúde (ENS) é unha investigación que o Instituto Nacional de Estadística (INE) realiza en colaboración co Ministerio de Sanidad y Consumo. Dirixida ás familias, a súa finalidade principal é recoller información sanitaria relativa á poboación española.

Os principais obxectivos desta enquisa no ano 2006, ENS-2006, son:

- Proporcionar información sobre a valoración do estado de saúde xeral, física e psíquica, e identificar os principais problemas que senten os cidadáns (enfermidades crónicas, doenzas, accidentes, limitacións para realizar as actividades da vida diaria).
- Coñecer o grao de acceso e utilización dos servizos de saúde e as súas características.
- Coñecer os factores determinantes da saúde: características do medio ambiente (físico e social) e hábitos de vida que supoñen un risco para a saúde.
- Realizar a análise da saúde dende a perspectiva de xénero.
- Coñecer as desigualdades en saúde.

Na edición de 2006, o Instituto Galego de Estatística (IGE) e a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade asinaron un Convenio de colaboración co INE para ampliar o tamaño de mostra desta enquisa en Galicia. A finalidade era obter información representativa a nivel de área de saúde.

1. Ámbito de investigación

Ámbito de poboación

A investigación diríxese ao conxunto de persoas que reside en vivendas familiares principais. Cando unha mesma vivenda estea constituída por dous ou máis fogares, o estudo esténdese a todos eles, pero de maneira independente para cada fogar.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O período de recollida da información estendeuse ao longo de un ano, dende xuño de 2006 ata xuño de 2007.

2. Definición e aspectos metodolóxicos

O tipo de mostraxe utilizado é trietápico estratificado. As unidades de primeira etapa son as seccións censais. As unidades de segunda etapa son as vivendas familiares principais. Dentro de cada hogar, selecciónase un adulto (de 16 e máis anos) para cumprimentar o Cuestionario de Adultos e, no caso de haber menores (de 0 a 15 anos), selecciónase ademais un menor para cumprimentar o Cuestionario de Menores. O criterio de estratificación utilizado foi o tamaño do municipio a que pertence a sección.

En Galicia, a mostra está formada por aproximadamente 3.500 vivendas distribuídas en 252 seccións censais.

Accidente: defínese o accidente como aquel acontecemento fortuíto e imprevisto que sobrevén ao individuo e lle produce un dano corporal identificable. Inclúense as caídas, golpes, intoxicacións, queimaduras e accidentes de tráfico tanto como condutor, pasaxeiro ou peón.

Consulta médica: calquera visita a un ou unha profesional médico/a titulado/a (persoal ou telefonicamente), para diagnóstico, exame, tratamento, seguimento, consello ou calquera outro trámite. Tamén se considera consulta médica as revisións e peticións de receitas. Non se considera consulta médica os exames médicos colectivos (laborais, escolares, etc.), a simple petición de hora ou cita, as consultas ao estomatólogo, dentista ou hixienista dental, a realización de calquera proba diagnóstica (radiografías, análises, etc.) ou procedemento terapéutico indicada/o por un/ha médico/a, nin os contactos con farmacéuticos/as ou ópticos/as para a adquisición de prescricións médicas.

Dependencia funcional: déficit dunha persoa nalgún dos seguintes aspectos:

- Actividades de coidado persoal: tomar as súas medicinas, comer, vestirse e desnudarse, peitarse e afeitarse, cortar as uñas dos pes, lavar a cara e o corpo de cintura para arriba, ducharse ou bañarse e quedarse só durante a noite.
- Labores domésticas: utilizar o teléfono, comprar comida ou roupa, preparar o almorzo ou comida, cortar pan, fregar a vaixela, facer a cama, cambiar as sábenas, lavar a roupa lixeira a man, lavar roupa a máquina, limpar a casa, limpar unha mancha do so e coser un botón.
- Actividades de mobilidade: coller un transporte público, administrar os seus propios cartos, andar (con ou sen bastón), levantarse da cama e deitarse, andar unha hora seguida e subir dez chanzos.

Dieta: Fai referencia aos alimentos (ou mestura de alimentos) que nunhas determinadas cantidades son inxeridos de forma habitual, xeralmente a diario, e representa o modelo ou patrón de alimentación que segue un individuo. Enténdese que unha persoa segue unha dieta ou réxime especial se modifica o seu hábito alimentario, por consello médico ou decisión propia, sexa cal sexa o motivo.

Estado de saúde: esta característica trata de medir a percepción que ten a persoa sobre o seu estado de saúde.

Hospitalización: todo ingreso nun hospital para recibir asistencia médica ou médico cirúrxica que supoña, ao menos, pasar unha noite no mesmo ou ter unha cama asignada. Non se considera hospitalización permanecer menos de 24 horas nun servizo de urxencias ou noutro servizo para realización de probas diagnósticas ou terapéuticas. Tampouco se considera hospitalización a permanencia das persoas que acompañan ao enfermo aínda que ocupen unha cama e estean máis dun día, nin os recentemente nados sans que ocupen unha cama máis dun día.

Índice de Masa Corporal (ICM): defínese como a relación entre o peso dun individuo (expresado en quilogramos) e o cadrado da talla (expresado en metros).

Limitación para as actividades da vida cotiá: limitacións que unha persoa pode ter no desempeño das actividades no seu entorno real como consecuencia dun problema de saúde. O desempeño que se espera dunha actividade determinada é o que presentan as persoas da poboación xeral que non teñen unha condición específica de saúde. Unha actividade está limitada cando así o estima o propio entrevistado.

Medicamento: toda sustancia medicinal e as súas asociacións ou combinacións destinadas á súa utilización nas persoas, que se presente dotada de propiedades para previr, diagnosticar, tratar, aliviar ou curar enfermidades ou doenzas, ou para afectar a funcións corporais ou ao estado mental. Só son medicamentos as especialidades farmacéuticas, as fórmulas maxistrais, os preparados ou fórmulas oficinais e os medicamentos prefabricados. Exclúense os produtos de hixiene persoal, vendas e outros apósitos, produtos de alimentación, cosmética, caramelos, etc.

Proba diagnóstica non urxente: toda proba solicitada por un/ha médico/a para completar o estudo dunha enfermidade, sempre e cando non se requira o seu resultado de maneira inmediata.

Restrición da actividade habitual: actividades habituais son as realizadas tanto no ámbito laboral, como no traballo doméstico ou na asistencia a centros de ensinanza ou formación e actividades desenvolvidas no tempo libre e que normalmente comprenden relacións con amigos e familiares, práctica de deportes, asistencia a espectáculos, etc. Considérase que hai restrición cando a limitación da actividade é ao menos da metade dun día.

Toma de la tensión arterial: medición da tensión arterial sistólica e diastólica realizada por un profesional sanitario.

3. Presentación de resultados

O IGE, a través da súa páxina Web, difunde un conxunto de táboas correspondentes a unha explotación de variables investigadas na ENS-2007 atendendo a diversas características sociodemográficas e territoriais.